

III CERTAME LITERARIO: TERRAS DE CHAMOSO

BASES:

1. **Temática e idioma:** A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUA GALEGA.
2. **Categorías:**
 - ❖ CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).
 - ❖ CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).
 - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).
3. **Modalidades:**
 - ❖ POESÍA (de 30 a 60 versos)
 - ❖ RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.
4. **Presentación:** cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiránse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo).
5. **Prazo:** o prazo de entrega rematará o día 27 de novembro de 2009.
6. **Premios:** para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato.
Cada premio consiste nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma.
7. **Xurado:** estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.
8. **Entrega de premios:** a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día 26 de decembro de 2009 no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.
9. **Non premiados:** Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.
10. **Outros:** A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).

Organiza:



Colabora:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

